



## **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO**

### **DEPARTAMENTO DANZA CLÁSICA**

#### **Materia: Danza Clásica Especialidade Danza Contemporánea**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.**

##### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

##### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

#### **2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.**

#### **3. Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.**

#### **4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.**

#### **5. Información e publicidade.**

## 1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

#### DCC 1º GPB

<p><b>ACTITUDE</b></p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10,00%</p>
<p><b>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</b></p> <p>1-Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía dos pasos do vocabulario de Danza Clásica así como as relacionadas cos ballets estudados neste curso.</p> <p>Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica e que interiorizou o estudo dos ballets aprendidos neste curso.</p>	<p>10,00%</p>
<p><b>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</b></p> <p>Realizar todos os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet que o profesor marque no momento (“plie”, “battement tendus”, “degagés”, “rond de jambe”, etc.) empregando o seu correspondente tempo así coma a coordinación dos brazos, pernas e cabeza.</p> <p>Trátase de comprobar con este criterio a correcta colocación do corpo para a obtención duna base sólida e segura que permita ao alumno máis adiante realizar exercicios máis avanzados.</p> <p>Realizar a primeira vista pequenas variacións de pasos que inclúan equilibrios e os exercicios preparatorios para a técnica do xiro “en-dehors” e “en-dedans”.</p>	<p>80,00%</p>



<p>Este criterio pretende observar a coordinación de brazos, pernas e cabeza na preparación do xiro e no control do equilibrio de todo o corpo nun movemento con impulso ligado e continuado.</p> <p>Realizar, seguindo as indicacións do profesor, os exercicios que irán desenvolvendo a técnica do salto.</p> <p>Este criterio pretende comprobar o impulso ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o control e suxeición do “demi-plié” para o empurre e caída do salto, de dúas pernas ou unha soa, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto.</p> <p>Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos polo espazo, marcados polo profesor no momento.</p> <p>Búscase con este criterio observar o sentido do alumno respecto ao espazo, ás dimensións e ás dirección.</p>	
--	--

**A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.**

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets vistos neste curso.

Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque. Incluirá: souplesse con tendu á segunda (só lateral), battement tendu en tournant con ¼ de xiro en dehors e en dedans en cruz, jeté con dobre piqué ou pointé, rond de jambe en l’air, equilibrios en posicións en l’air a pé plano, dobre frappé en cruz.

Cos exercicios da barra o alumno deberá amosar colocación e coordinación de brazos, cabeza e pernas.

Realizar un exercicio en tempo de adagio, que inclúa port de bras, pas de basque en dehors e en dedans en 4t, e promenade en retiré

Comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio e mantén a suxeición da posición e o eixo no traballo do promenade.



Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en deors, e media en dedans e paso de vals en face con epaulement e paso de vals en tournant.

Comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirueta e a que executa os vales con coordinación.

Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (temp levé en todas as posicións, glissade de coté, assemblé á 2ª, echappé que cae ao coupé)

Comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto.

### DCC 2º GPB

<p><b>ACTITUDE</b></p> <p>Valorar a actitude do alumno tendo en conta os seguintes aspectos: Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10% (1º e 2º trimestre)</p>
<p><b>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</b></p> <p>Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización</p>	<p>10%(1º, 2º e 3º trimestre)          3º Trimestre (sumativo)</p>
<p><b>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</b></p> <p>Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor marque, tendo en conta o nivel e coñecemento de exercicios da programación deste curso.</p> <p>O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.</p> <p>Realizar un exercicio de tendus no centro.</p> <p>Con este criterio valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, e coas diferentes direccións, cos seus brazos e os epaulement de cada un deles.</p> <p>Executar un exercicio de adagio.</p> <p>Con este exercicio comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie, execución do developpé coa suxeición da posición no aire, a colocación do corpo, a suxeición da perna portante e a extensión. O promenade sen perder a boa aliñación do</p>	<p>80%( 1º e 2º trimestre)</p>



<p>corpo.</p> <p>Realizar algún ejercicio de barra no centro (fondu, frappé, petit battement ou grand battement).</p> <p>Con este exercicio comprobarase se o alumno acadou o control do peso sobre unha perna no traballo a pé plano e e o control do eixo nos cambios de dirección.</p> <p>Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e en dedans.</p> <p>Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirouette simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) o paso da cabeza e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Valorarase nos vales que se incorporen ao exercicio o tempo musical, o emprego flexible e continuado do plié para acadar a fluidez no desprazamento e a limpeza dos pés, así como tamén a respiración, a coordinación e a musicalidade do movemento.</p> <p>Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.</p> <p>Con este exercicio, comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a coordinación das pernas, brazos e cabeza, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.</p> <p>Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo a musicalidade do alumno.</p> <p>En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.</p>	
---	--

**A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.**

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso e comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.

Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque no momento, que inclúan: souplesse en avant con tendu devant en plié, battement tendu seguido de ½ fouetté (¼ xiro) por promenade con plié, double fondu relevé a dobre tempo, piqué a 45° en cruz, chassé a 45° en cruz e rond de jambe pointé.

Cos exercicios da barra o alumno deberá amosar unha correcta colocación e coordinación de brazos, cabeza e pernas.

Realizar un exercicio de tendus no centro, que inclúa battement tendu e jeté en tournant (1/4 de xiro) e tendu seguido de ½ fouetté (¼ de xiro) en dehors e en dedans.

Valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, cos seus brazos e coas diferentes direccións.

Executar un exercicio de adagio que inclúa grand rond de jambe en dehors e en dedans a 45° (por ¼), temps lies a 45° e promenade en retiré.

Comprobarase que o alumno interiorizou o exercicio de temps lie e mantén a suxeición da posición nas posicións en l'air e o eixo no traballo do promenade.

Executar algún exercicio de xiro, que inclúa valeses ao ecarté e en tournant, piruetas de 5ª e de 4ª en dehors e en dedans.

Comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirueta e a que executa os valeses con coordinación e fluidez.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística do alumno.

### DCC 3º GPB

<b>ACTITUDE</b>	
Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez	10% (1º e 2º trimestre)
<b>TEORÍA</b>	
-Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo	10%(1º, 2º e 3º Trimestre (sumativo))
<b>PRÁCTICA</b>	
-Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque ( <i>Soupplesse</i> cara a barra en <i>relevé</i> , <i>Developpé a relevé 45º</i> , <i>Petit battement serré</i> )	
-Realizar un exercicio de <i>tendus</i> no centro	80%( 1º e 2º trimestre)
-Executar un exercicio de <i>adagio</i> no que se inclúan <i>temp lies</i> , <i>developpés</i>	



e *piqué* ao *arabesque* a 45°

- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples *en dehors*, e *en dedans*, desde 4ª e desde 5ª posición
- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (*échappé*, *Petit sissonne* combinado con *assemblé*)
- Realizar no centro ou na diagonal algún exercicio sinxelo de grandes saltos (*sissonne*)
- En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística do alumno.

**A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.**

### MÍNIMOS ESIXIBLES

Realizar os exercicios dunha barra que o profesor marque no momento (*Soupplesse* cara a barra en *relevé*, *Developpé* a 45°, *Petit battement serré*)

Realizar un exercicio de tendus no centro

Executar un exercicio de adagio no que se inclúan *temp lies*, *developpés* a 45°

Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples *en dehors*, e *en dedans*, desde 4ª e desde 5ª posición

Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (*échappé*, *Petit sissonne* combinado con *assemblé*)

Realizar no centro ou na diagonal algún exercicio sinxelo de grandes saltos (*sissonne*)

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística do alumno.

### DCC 4º GPB



<b>ACTITUDE</b> Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	10,00%
<b>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</b> Superar unha proba teórica.	10,00%
<b>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</b> Realizar os exercicios da barra, tendo en conta o nivel e coñecemento dos pasos da programación deste curso Realizar un exercicio de tendus no centro Executar un exercicio de adagio de forma ligada, coa correcta aliñación do corpo, control do relevé e extensión das pernas Realizar un exercicio da barra no centro co control do peso a pé plano e a relevé Executar exercicios de xiros que inclúan dobres piruetas en deors e en dedans Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos co nivel técnico correspondente Executar un exercicio de batería Realizar no centro un exercicio de grandes saltos	80%

**A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.**

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

Realizar un exercicio de barra no que se incluan os contidos a traballar neste curso.

Realizar un exercicio de tendus.

Executar un exercicio de adagio.

Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en deors e en dedans.

Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.

Realizar no centro un exercicio de grandes saltos

### **DCC 5º GPB**





<p><b>ACTITUDE</b></p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p><b>10</b> <b>%</b></p>
<p><b>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</b></p> <p>Realizar traballos sobre os ballets visualizados no curso.</p>	<p><b>10</b> <b>%</b></p>
<p><b>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</b></p> <p>-Realizar todos os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Souplesse circular en dehors e en dedans a pé plano, fondu simple e dobre a relevé, estudo do fouette por piqué en dedans el l'air a 45° e o flic flac en dehors e en dedans.</p> <p>O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias, os exercicios deste nivel.</p> <p>- Executar un exercicio de adagio que inclúa Developpé en arabesque a 45° rematado en relevé (desde pé plano, sen plié), Promenade en attitude en dehors derrière.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno progresou na execución dos developpés, obtendo unha maior extensión das pernas e un maior control do relevé a unha perna. No promenade en arabesque valorarase a boa aliñación do corpo. Valorarase que os exercicios se realicen de forma ligada.</p> <p>Executar exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors em 4ª posición con vales e outros pasos de ligamento combinados e xirados.</p> <p>Con este criterio valorarase a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en dehors. Asimesmo, comprobarase que o alumno/a realiza os vales de forma fluída e flexible.</p> <p>Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos que inclúan</p>	<p><b>80</b> <b>%</b></p>

<p>Assemblé double en dehors e entrechat quatre.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso.</p> <p>Realizar un exercicio na diagonal que inclúa os Piqués en dedans</p> <p>Con este exercicio compróbase que o/a alumn@ controla o eixo e o paso da cabeza nos xiros con desplazamento así como que o realiza de xeito coordinado.</p> <p>Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno.</p>	
--	--

**A cualificación da avaliación obtérase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.**

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Realizar todos os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Souplesse circular en dehors e en dedans a pé plano, fondu simple e dobre a relevé, estudo do fouette por piqué en dedans el l'air a 45° e o flic flac en dehors e en dedans.

O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias, os exercicios deste nivel.

Executar un exercicio de adagio que inclúa Developpé en arabesque a 45° rematado en relevé (desde pé plano, sen plié), Promenade en attitude en dehors derriére.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumno progresou na execución dos developpés, obtendo unha maior extensión das pernas e un maior control do relevé a unha perna. No promenade en arabesque valorárase a boa aliñación do corpo. Valorárase que os exercicios se realicen de forma ligada.

Executar exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors e 4ª posición con vales e outros pasos de ligamento combinados e xirados.

Con este criterio valorarás a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en dehors. Asimesmo, comprobarase que o alumno/a realiza os vales de forma fluída e flexible.

Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos que inclúan *Assemblé double* en dehors e *entrechat quatre*.

Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso.

Realizar un exercicio na diagonal que inclúa os *Piqués* en dedans

Con este exercicio compróbase que o/a alumn@ controla o eixo e o paso da cabeza nos xiros con desplazamento así como que o realiza de xeito coordinado.

Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical

Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno.

## DCC 6º GPB

<b>ACTITUDE</b>	
Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	10%(1º e 2º trimestre)
<b>ADQUISICIÓN DE COÑECAMENTOS TEÓRICOS</b>	
Aprendizaxe dos contidos de forma teórica e comprensión e interiorización dos mesmos, (tanto vocabulario técnico coma os contidos teóricos de ballets, coreógrafos, bailaríns...)	10%(1º, 2º e trimestre)
Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.	3º trimestre
Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.	(sumativo)
Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso.	
Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización	



<b>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</b>	
<p>Realizar os exercicios da barra que o profesor marque no momento, tendo en conta o nivel e coñecemento dos pasos da programación deste curso.</p> <p>O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación</p> <p>Realizar un exercicio de tendus. Valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo</p> <p>Executar algún exercicio de xiros que inclúan piruetas simples en dehors e en dedans.</p> <p>Con este criterio valorarase a coordinación dos movementos nas piruetas en dehors e en dedans e o control do final do xiro nas posicións esixidas.</p> <p>Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar o nivel técnico adquirido polo alumno na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso..</p>	<p>80%( 1º e 2º trimestre)</p>

**A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.**

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

- Realizar un exercicio de barra no que se incluan: ½ promenade en attitude derrière en dedans, Xiro en coupé, Piqué ao arabesque a 45°, Doble rond de jambe en l'air a pé plano (baixiño, para a rapidez do pé), ½ promenade en attitude devant en dedans
- Realizar un exercicio de tendus. Valorarase a correcta realización dos battement tendu , sen descolocar o eixo
- Executar un exercicio de adagio..Comprobar que o alumno progresou na execución dos temp liés e developpés con control do relevé a unha perna.

- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos. Royal, entrechat quatre, jette, assemble

- **En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística do alumno.**

## 2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

Debido á natureza das nosas ensinanzas e aos requisitos para o seu desenvolvemento, a avaliación non presencial da práctica da danza non é factible de xeito xeral. A avaliación da materia de Danza Clásica realizarase en función das avaliacións previas e da avaliación das actividades teóricas desenvolvidas polo alumnado durante o terceiro trimestre. Estas últimas poderán sumarse ás súas cualificacións anteriores. En ningún caso as avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán minorar as cualificacións anteriores do alumnado.

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e contínua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado durante o primeiro e segundo trimestre non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal dende o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: tomarase como referencia as aprendizaxes realizadas durante o primeiro e segundo trimestre valoradas tendo en conta os criterios de avaliación establecidos no punto 1 da presente modificación da programación e poderá incrementarse en 1 punto en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma.

AVALIACIÓN 2019/2020		G.PROFESIONAL
ACTITUDE OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	10%(1º e 2º trimestre)
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS, a través de probas escritas ou orais ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórica e comprensión e interiorización dos mesmos, (tanto vocabulario técnico coma os contidos teóricos de ballets, coreógrafos, bailaríns...)	10%(1º e 2º trimestre) 3º trimestre sumativo



<p><b>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</b>, a través da observación diaria na clase, tendo en conta as aptitudes físicas e intelectuais de cada alumno e alumna.</p>	<p>Execución correcta dos contidos segundo o método e tipo de linguaxe corporal aprendida (tendo en conta a coordinación, musicalidade, precisión, sensibilidade motora e artística, capacidade de expresión e interpretación...)</p>	<p>80% (1º e 2º trimestre)</p>
--	---	--------------------------------

Non sería necesario acadar o 50% en cada unha das partes para sumar os apartados e ademais os datos obtidos durante o terceiro trimestre soamente poden ser tidos en conta en positivo, nunca minorando as cualificacións anteriores.

### 3.Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.

Durante o terceiro trimestre procuramos a atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial.

Na materia de Danza Clásica e co obxectivo de ampliar a materia impartida co fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e co obxectivo de beneficiar ao alumnado (nunca minorando a cualificación) realizáronse as seguintes actividades:

MATERIA E CURSO	ACTIVIDADES REALIZADAS
DCC	
1ºGPB	<p>Actividades de visionado de material audiovisual presente en internet e análise dos contidos.</p> <p>Actividades repaso dos contidos teóricos estudados a través de apuntes teóricos e fichas.</p>
	<p>Actividades de visionado de material audiovisual presente en internet e análise dos contidos.</p>



2º GPB	<p>Actividades de análise de traballos realizados na aula.</p> <p>Actividades de reforzo e recuperación teóricos para o alumnado con resultados de avaliación negativa no segundo trimestre.</p>
3ºGPB	<p>Repaso de contidos teórico-prácticos do primeiro e segundo trimestre.</p> <p>Realización de visionados de ballets, e realización de traballos.</p> <p>Videoconferencia con exercicios de mobilidade e lúdicos adaptados ao espazo.</p>
4ºGPB	<p>Lectura de fragmentos de texto sobre aspectos técnicos da danza clásica, acorde ás características e dificultades de cada discente. Posteriormente, elaboración dun esquema visual e sintetizado sobre a información máis significativa do texto.</p> <p>1. Realización de exercicios específicos de optimización do <i>en dehors</i>.</p> <p>2.</p> <p>3. Execución dunha barra de danza clásica mediante videos.</p> <p>4.</p> <p>5. Creación dunha coreografía que se comezara a facer no mes de febreiro para as portas abertas, recordando a través de videos as secuencias xa aprendidas, elaborando adaptacións ao espazo e elaborando novas secuencias individuais para terminala virtualmente.</p> <p>6.</p> <p>Actividade de autoavaliación.</p> <p>Actividades de reforzo e recuperación teóricos para alumnado con cualificación negativa no primeiro e tercer trimestre.</p>
5ºGPB	<p>Repaso de contidos teórico-prácticos do primeiro e segundo trimestre.</p> <p>Realización de visionados de pezas coreográficas, e realización de traballos.</p> <p>Videoconferencia con exercicios de mobilidade e lúdicos adaptados ao espazo dúas veces á semana. A comunicación levouse a cabo a través de CentrosNet, correo electrónico, Ciscowebex , e teléfono móbil.</p>
6º GPB	<p>Actividades de visionado de material audiovisual presente en internet e</p>



	<p>análise dos contidos.</p> <p>Actividades de análise de traballos realizados na aula.</p> <p>Actividades de reforzo e recuperación teóricos para alumnado con resultados de avaliación negativos no primeiro e segundo trimestre.</p> <p>Actividades de autoavaliación.</p>
--	---

O seguimento do alumnado realizouse utilizando os seguintes medios de comunicación:

- CentrosNet
- Correo electrónico
- Aula Virtual CDAN Lugo
- Vídeo Conferencia CiscoWebex
- Teléfono móbil

O profesorado informa por escrito a través de CentrosNet , mail ou teléfono da concreción das actividades e probas de avaliación intentando favorecer dentro das nosas posibilidades a súa realización pola maior parte do alumnado.

As avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán mellorar as cualificación anteriores do alumnado.

#### **4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.**

A proba extraordinaria consistirá na realización dunha única proba de carácter teórico-práctico. Os instrumentos de avaliación poderán adaptarse as eventualidades que puidesen xurdir por mor da crise sanitaria.

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PROBA EXTRAORDINARIA:**





<p><b>DCC</b></p> <p><b>GRAO</b></p> <p><b>PROFESIONAL</b></p>	<p><b>ADQUISICIÓN DE</b></p> <p><b>COÑECEMENTOS TEÓRICOS</b></p> <p><b>20%</b></p> <p>A proba extraordinaria teórica consistirá na realización dunha proba oral ou escrita sobre os contidos teóricos específicos de cada curso, seguindo os criterios de avaliación e mínimos esixibles da proba específica de cada curso. (Punto 1. desta programación)</p>	<p><b>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</b></p> <p><b>80%</b></p> <p>A proba extraordinaria práctica consistirá na realización de exercicios dunha clase completa de Danza Clásica, seguindo os criterios de avaliación e mínimos esixibles da proba ordinaria específica de cada curso. (Punto 1. desta programación)</p>
--	---	---

**A cualificación final obterase da suma de ambos apartados, non sendo necesaria a superación do 50% da cualificación por separado.**

As programacións didácticas do curso académico 2020-2021 incorporarán aqueles obxectivos e contidos que non se poderon abordar neste curso escolar, ben na mesma materia se esta forma parte do curso seguinte, ben noutras materias.

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica danza farase nas clases do curso seguinte. Partindo desta premisa, cualificarase ao alumnado en base ao referido no apartado 1. da modificación da presente programación.

## **5. Información e publicidade.**

A principal vía de comunicación có alumnado e familias será a plataforma “centrosnet” tendo en conta que é o mecanismo oficial e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de

email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepción das programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web cón fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.